



O Pleno Infantil de Boqueixón debate sobre os dereitos dos nenos e das nenas

Nenos e nenas de 5º e 6º de Primaria trasladáronlle as súas inquiredanzas ao alcalde

O salón de Plenos acolleu a novena edición do Pleno Infantil coincidindo coa conmemoración do Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas. Un total de 41 nenos e nenas de 5º e 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto trasladáronse ao alcalde, Ovidio Rodeiro, e á concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, as súas reflexións sobre os seus dereitos e suxerencias para o funcionamento do concello.

O alcalde foi dándolle a palabra a cada un dos 12 "concelleiros/as" por un día, representados por Sara Silva, quen salientou o traballo realizado sobre os dereitos da infancia. Dereitos que foron enumerando os "concelleiros/as" mentres os seus compañeiros montaban un mural titulado "Dereitos da infancia". Unha composición coa forma dun paraugas protector cos seus dereitos (a ter unha familia, á saúde, á educación, á alimentación, á protección contra as drogas e fronte ao maltrato infantil...) fronte á pobreza, o



Presentación do proceso de parcelaria realizado no local social de Lamas

maltrato, a dina... todo grazas ao apoio do Goberno e das Institucións, que sosteñan o paraugas.

Finalmente, Uxía Trincado e Julia Carrillo deron lectura a un manifesto en defensa dos dereitos da infancia que foi asinado polo alumnado.

Dina e suxerencias

Tras esta presentación, o alcalde abriu unha quenda de "rogos e preguntas" para que a rapazada comentara as necesidades que vían no municipio. A traxedia da dina de Valencia foi a protagonista das primeiras preguntas, onde a rapazada

interesouse sobre como se actúa neste tipo de emerxencias dende unha administración local e sobre as actuacións preventivas que se poden adoptar en materia de infraestruturas. Ovidio Rodeiro aproveitou para explicarlles que o Concello de Boqueixón enviara tres palés con alimentos e material de limpeza a Valencia, procedente das doazóns realizadas polos veciños e veciñas.

Despois, parques infantís e instalacións deportivas foron as cuestións máis recorrentes, xunto co coidado de mascotas e respecto ao

medio ambiente. O alcalde explicoulles que entre decembro ata Semana Santa se van investir máis de 30.000 euros en reparar e ampliar de todos os parques infantís. Unha proposta que foi moi ben recibida polos nenos e nenas.

As crianzas tamén aplaudiron as melloras feitas nas instalacións do colexio, se ben preguntaron polo destino da fonte que estaba no patio. O alcalde explicoulles que se lle está buscando un novo emprazamento. Outra petición xirou en torno ao alumeado de Nadal, onde a rapazada escolleu por ampla maioría (32 votos de 41) que o Concello volviera a decorar con luces a mesma árbore do ano pasado e que engadira unha camelia a carón do comedor.

Esta novena edición do Pleno Infantil foi organizada polo Departamento de Servizos Sociais dentro das actividades propostas por Unicef Galicia, e contou coa colaboración do CPI Antonio Orza Couto.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

02 dec / 8 dec	CODESO-DONAS	Campo da festa
09 dec / 23 dec	OURAL-POUSADA-SUCIRA	Casa da Cultura
24 dec / 05 xan	LEDESMA	Campo da festa

Arrinca a parcelaria coa elección da Xunta Local

A parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo (Boqueixón) arrincou formalmente coa elección da Xunta Local e do grupo auxiliar de traballo que representará aos 1.195 propietarios/as de terreos beneficiados por este procedemento. Os técnicos, acompañados polo alcalde Ovidio Rodeiro, explicaron que xa se está a facer o levantamento topográfico, que se desenvolverá ata decembro de 2025. Así, deberán permitir o acceso ás súas parcelas dos técnicos que estean a realizar o levantamento topográfico e lles pediron colaboración para identificar os marcos e os lindes das propiedades. As parcelas deberán estar rozadas e nas que calquera actividade que implique un cambio no valor da propiedade (obras, talas...) precisa de autorización previa.



Na Xunta de Titulares celebrada no Pazo de Quián participaron 300 persoas

Únete ao canal de WhatsApp



Integrantes da Xunta Local e do Grupo Auxiliar de Traballo

XUNTA LOCAL (titular/suplente). Lamas (Sabino Mallón Rodríguez, José Javier Couto Fidalgo). Loureda (Rubén Pena Midón, José Quintela Filgueira). Sergude (Jesús José Santasmarinas Devesa, Juan Manuel Barreiro Pallas). Vigo (José Antonio Ferreiro Torres, José Antonio Couto Regos).

GRUPO AUXILIAR. SERGUDE. José Juan Rosende Vieites (Deseiro de Abaixo), Eugenio Fernández Vieites (Deseiro de Arriba), Manuel Borocos Mareque (Gándara), Fernando Marcelino Mouriño Couto (A Igrexa), Alejandro Neira Rey (Lamas), María Josefa Sánchez Ínsua (Quián), José Torres Vázquez (Rodiño Grande) e Fernando Couto Silva (Rodiño Pequeño). **LAMAS.** Manuel Fernández Iglesias (O Burgo), Isabel María Casal Pazos (Casal), José Castro Suárez (A Costiña), José Luís Sanín Senande (O Outeiro), Sofía Caneda Mallón (A Torre), José Luís Mujico Pena (Vigo) e José Noya Iglesias (Zaramacedo). **VIGO.** Eladio Mella Miranda e Fernando Rodríguez Rial (Carabán), José Ferreiro Ferreiro (Castenda), Martín Julio Suárez Mallón (O Covelo) y Jesús Torre Iglesias (Santa Baia). **LOUREDA.** Manuel Pose Otero (Agra), Isidoro Martínez Pérez (Caneda), Manuel Laureano Otero Míguez (A Igrexa), José Regos Míguez (Lamparte), Rubén Pena Midón (Loureda), José Quintela Filgueira (A Moa), Manuel Lodeiro Suárez (Outeiro) e Manuel Martínez Míguez (A Pena).

Novo prazo para participar nas viaxes do Imsero

Finalizado o prazo ordinario de presentación de solicitudes, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) comunica que desde o pasado mes de novembro e ata o mes de maio de 2025 permanecerá aberto un novo prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de Turismo para persoas maiores. Máis informaciónen www.boqueixon.gal.



Case 72.000 euros para melloras de camiños de acceso a parcelas agrícolas

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras do Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais. Trátase dunha actuación subvencionada pola Xunta de Galicia, a través do Agader, cun investimento de case 72.000 euros. Os traballos inclúen a mellora de viarios de acceso a parcelas agrícolas en O Tesouro, Casalpeguito e Casal.

REUNIÓN INFORMATIVAS MUNICIPAIS

DATA	LUGAR		HORA
lunes, 9 de diciembre de 2024	GASTRAR	Local Social	20:00
lunes, 16 de diciembre de 2024	A GRANXA	Local Social	20:00
lunes, 13 de enero de 2025	LEDESMA	Local Social	20:00
jueves, 16 de enero de 2025	BOQUEIXÓN	Concello	20:00
jueves, 23 de enero de 2025	LESTEDO	Local Social	20:00
jueves, 6 de febrero de 2025	OURAL	Casa da Cultura	20:00
lunes, 17 de febrero de 2025	POUSADA	Casa da Cultura	20:00
jueves, 20 de febrero de 2025	CODESO DONAS	Local Social	20:00
lunes, 24 de febrero de 2025	SUCIRA	Casa da Cultura	20:00

O Concello convida á veciñanza a participar nas reunións por parroquias

O Concello vai celebrar unha serie de reunións informativas por parroquias, que terán lugar entre decembro de 2024 e febreiro de 2025. Unha iniciativa que xorde despois da boa recepción que tiveron os encontros parroquiais previos ao inicio da parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo. Unhas reunións nas que o Grupo

de Goberno, encabezado polo alcalde Ovidio Rodeiro, deron conta non so da concentración, senó tamén doutros asuntos de interese municipal e resolveron tamén as dúbidas plantexadas polos veciños e veciñas.

As novas reunións informativas municipais, que arrincarán este mes de decembro en Gastrar (luns 9)

e na Granxa (luns 16), seguirán a mesma estrutura: unha exposición por parte do alcalde e dos concelleiros do grupo de Goberno sobre a actualidade municipal, centrada nos temas de interese para a parroquia, e despois dunha conversa aberta coas persoas que participen. Unha asistencia que será totalmente libre e de balde.



Campaña informativa para previr o suicidio

O Concello, en colaboración coa asociación Andaina Pro Saúde Mental, puxo en marcha unha campaña informativa de prevención do suicidio, que se desenvolveu ao longo do pasado mes de novembro.

Esta iniciativa incluíu a instalación dun posto informativo sobre a conduta suicida, primeiro na entrada da casa do concello e que despois se trasladou a Lestedo coincidindo coa feira, e na posta en marcha dun punto de lectura emprazado na biblioteca municipal.



Rematadas as obras da EDAR do polígono de Camporrapado

O Concello informa da finalización das obras de mellora na estación depuradora de augas residuais do polígono empresarial de Camporrapado. Unha actuación financiada pola Consellería de Economía, Industria e Innovación cun investimento de máis de 100.000 euros.



Grazas polas doazóns achegadas para damnificados pola DINA

O Concello agradece as doazóns achegadas polos veciños e veciñas de Boqueixón para persoas afectadas pola DINA de Valencia. Tres palés con alimentos non perecedeiros e produtos de hixiene foron enviados ás persoas afectadas. Aínda se pode colaborar con doazóns económicas (ver como en www.boqueixon.gal).



Aberta a inscrición para o Torneo de Nadal de fútbol sala

O Concello convoca o Torneo de Nadal, que terá lugar o 24 e 25 de decembro no pavillón do Forte. Haberá dúas categorías: júnior (10 a 16 anos) e sénior (máis de 16). Inscricións antes do 19 de decembro no Departamento de Deportes (638 567 029 ou deportes@boqueixon.com). Sorteio dos grupos o día 20, ás 12:00, no salón de plenos.

Máis de 140.000 euros para mellorar a escola infantil de Sergude

O Concello de Boqueixón vai investir máis de 140.000 euros na mellora da eficiencia enerxética da escola infantil de Sergude. Un proxecto que inclúe obras de mellora da envolvente térmica do edificio, no sistema de calefacción e no sistema de alumeadado.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, mantivo este mes unha reunión cos pais e nais do centro escolar para informarlles de que “o proxecto consiste na mellora do illamento en cuberta e fachada, a nova instalación de carpinterías exteriores e vidros e a mellora da iluminación e do sistema de calefacción”. Así mesmo, garantiulles que os traballos “realizaranse causando o menor prexuízo posible no desenvolvemento das clases dos nenos e nenas escolarizados”. De feito, a intención do Concello é intentar acometer os traba-



Reunión de Ovidio Rodeiro coas familias da escola infantil de Sergude

llos durante as vacacións de verán, se a tramitación administrativa do mesmo así o permite.

A actuación principal consiste na mellora da envolvente térmica do edificio, onde se procederá a substituír as fiestras de aluminio actuais por outras con rotura de ponte térmica e vidro dobre, o que evitará os problemas de condensación existentes na actualidade. Ademais, procederase ao illamento da fachada, da cuberta e

da baixo cuberta do inmo- ble, incluíndo a construción dun falso teito illado.

A maiores, dotarase ao edificio dun sistema de alumeadado máis eficiente a través da substitución das bombillas e fluorescentes interiores por luminarias tipo LED e un sistema de control e regulación do alumeadado. Finalmente, cambiaranse os radiadores eléctricos móbiles por un sistema de calefacción mediante enerxía renovable (bomba de calor).



A conselleira do Medio Rural visita Viveiros Compostela en Pousada

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, vistou Viveiros Compostela, unha empresa familiar de Pousada que conta cunha vintena de empregadas e que está considerada como a principal produtora de planta de tempada en Galicia.



Éxito da andaina seguindo o libro “Unha matanza esquecida”

Preto de 50 persoas participaron na andaina histórica organizada polo Concello. Trece quilómetros por Gastrar, Vigo e Loureda no que percorreron os lugares recollidos no libro “Unha matanza esquecida”, de Severino Fernández Abel, quen oficiou como guía.

A Xunta de Galicia acondicionará 38 paradas de autobús en Boqueixón

O Concello informa de que o DOG 221 (15 de novembro) publica un anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia na zona leste da área de transporte metropolitano (de Santiago,, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

Un proxecto da Xunta polo que se mellorará a accesibilidade e conectividade de 38 paradas de autobús situadas en Boqueixón. Unhas actuacións que inclúen a construción de carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade á marxeira e a pavimentación da contorna da parada (coa



Agárdase que a Xunta licite as obras ao longo do próximo ano 2025

execución de sendas ou beirarrúas), así como colocación de novos refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade.

O proxecto desenvolverase nas estradas de titularidade da Xunta: AC-960, desde A Susana ata o límite provincial con Vila de Cruces; AC-240, que comunica os núcleos de Burres e Ponte Ulla; e a AC-261, que une Lamas e Ponte Marzán. As

obras farán necesario expropiar 45 predios, que suman unha superficie de 2.857,15 m².

O prazo para presentar alegacións é de 30 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG (15 de novembro). A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder licitar as obras ao longo do ano 2025.

O Concello organiza gratuíto un curso de primeiros auxilios

O Concello organiza un curso gratuíto de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral que terá lugar o martes 10 de decembro, de 16:00 a 19:00 horas, no CPI Antonio Orza.

As inscricións están abertas ata o 3 de decembro no Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón, no teléfono 981 513 115 ou a través do mail cultura@boqueixon.es.



Bronce para Lucía Munín no XIII Villa de Avilés de judo

Lucía Munín, veciña de Boqueixón e integrante da Escola Judo Club Boqueixón, conseguiu a medalla de bronce, categoría infantil para menos de 40 kg, na edición número trece do campionato Villa de Avilés.



Mara Feijo, terceira no V Trofeo Nacional Cidade de Santiago

Mara Feijo, do club Ágora Boqueixón de patinaxe artística, logrou un terceiro posto na categoría infantil do V Trofeo Nacional Cidade de Santiago, organizado polo Club Patinaxe Compostela.



Curso para un mellor coidado de persoas con demencia

A Federación Alzheimer Galicia, Agadea e o Concello de Boqueixón organizan un curso gratuito para mellorar o coidado das persoas con demencia. Dirixido a persoas coidadoras, terá lugar o 2 e 3 de decembro, de 16:00 a 20:00 horas, no salón de plenos. Inscricións nos Servizos Sociais municipais: 981 51 31 06.

O alumnado co CPI Antonio Orza Couto aprende compostaxe doméstica

O salón de actos do CPI Antonio Orza Couto acolleu unha acción formativa organizada polo Concello dentro da súa campaña de compostaxe doméstica. A iniciativa “ten como obxectivo reducir a pegada ecolóxica dos veciños e veciñas a través dunha aposta pola valorización dos residuos orgánicos que se xeran nos fogares”, como explicou o alcalde, Ovidio Rodeiro, aos 45 nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria que participaron na charla.

A rapazada aprendeu a manexar un composteiro e os importantes beneficios ambientais, sociais e económicos que supón o seu uso. Rodeiro puxo de manifesto que “os nenos e nenas son os mellores embaixadores en cuestións relacionadas co medio ambiente, pois non so son quen de respectar as 3R (Reciclar, Reutilizar e Re-



Un total de 45 nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria participaron na charla

ducir), senón que tamén saben concienciar ás persoas adultas na importancia de coidar o noso medio ambiente e loitar contra o cambio climático”.

O Concello leva dende 2013 impulsando esta campaña e ten repartido case un milleiro de composteiros para converter os restos de alimentos e vexetais nun abono de calidade. A iniciativa está promovida polo Concello, en colaboración coa

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Ministerio para a Transición Ecolóxica. Está cofinanciada con fondos europeos relativos ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola UE-NexGenerationEU. Máis información no mail [biorresiduos@concellosostible.gal](mailto: biorresiduos@concellosostible.gal) ou chamando ao 699 526 341.



Gran asistencia á homenaxe a Xosé Neira Vilas en Codeso

O local social de Codeso encheuse para desfrutar da palestra músico-literaria da AACCC Mestre Manuel Gacio. O presidente da Fundación Xosé Neira Vilas, Fernando Redondo; o secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, encargáronse das ponencias. Manoele de Felisa, Solleirada e Luceiro puxeron a música.



Éxito do Club de Maiores de Boqueixón no Ciclo BocAberta

O auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado quedou pequeno para acoller a actuación do Club de Maiores de Boqueixón que, con “Asuntos escuros”, inaugurou o ciclo de teatro afeccionado BocAberta, organizado polo Concello. A Agupación Teatral Pedroso (Narón) e a Asociación Cultural Charamelas (Melide) completaron un cartel con moi boa acollida de público.



Novo éxito da xornada de sensibilización

“Tratar de sensibilizar á poboación porque se leva feito moito camiño pero queda aínda moito por facer. E con traballo e xornadas como estas iremos facendo ese camiño tan necesario”. Así resumía o alcalde, Ovidio Rodeiro, o obxectivo da VI

Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, que reuniu a preto dun cento de veciños e veciñas.

Unha xornada organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración co Ministerio de Igualdade e ao abeiro do Pacto de Estado contra a

Violencia de Xénero no que Rosa Cabanas presentou o proxecto “Mulleres valentes”, unha acuarelas que dan visibilidade a mulleres da nosa historia e que poden verse aínda na casa do concello. Pola súa banda, María del Mar Baamonde compar-

tiu a súa voz como sobreviviente da violencia machista.

A concelleira de Igualdade, Ángela Conde, puxo o fin a unha xornada amenizada musicalmente por Bea Rodríguez e Marina Vila, da Asociación Banda Musical de Ponteledesma.



Últimas prazas nos cursos de informática, memoria e ioga

Os cursos de informática, memoria e ioga que o Concello imparte en Lestedo e Camporrapado botaron a andar en novembro, aínda contan con algunha praza libre. Ademais, en ioga está previsto un novo grupo en xaneiro: mércores ás 20:00 h na Casa da Cultura. Máis información no Departamento de Cultura.



Partido internacional amigable de fútbol gaélico no Forte

O campo municipal do Forte acolleu un partido amigable internacional de fútbol gaélico entre o Erin Go Bragh e os locais de O Forte de Boqueixón. Un emocionante partido do que o equipo local saíu gañador, confirmando unha vez máis o gran nivel de deportistas existente no municipio.

Desfruta un feliz Nadal en familia

O Concello de Boqueixón ten preparada a programación para este mes de Nadal, pensada especialmente para o disfrute dos máis pequenos da casa. Mais como non nos esquecemos nas necesidades de conciliación das familias, durante a primeira semana de decembro abrírase o prazo de inscrición no **Nadal Activo**, que se desenvolverá do 23 de decembro ao 7 de xaneiro, en horario de 9:00 a 14:00 horas, no CPI Antonio Orza Couto e en instalacións municipais.

Poderán participar alumnado de 3 a 16 anos empadroadado en Boqueixón ou matriculado nun centro educativo do municipio.

Consulta prezos e descarga a ficha de inscrición en www.boqueixon.gal.

Unha vez máis, na mañá do venres 20 de decembro, **Papá Noel** visitará o CRA Boqueixón Vedra, a escola infantil municipal Raíña Lupa, o CPI Antonio Orza Couto, a residencia de maiores e as casas do maior.

E para o martes 24 e mércores 25, outro clásico: o **Torneo Interparroquial de Fútbol Sala**, que terá lugar no polideportivo do Forte. Inscricións abertas no Departamento de Deportes ata o 19 de decembro. Un día despois, o mércores 20 de decembro, ás 12:00 horas, terá lugar o sorteo dos partidos no salón de plenos.



Reis Magos e Boqueixogo

Pola súa banda, os **Reis Magos** chegarán ao polideportivo municipal do Forte na tarde do domingo 5 de xaneiro, onde compartirán escenario con outro dos clásicos destas datas: o **Boqueixogo**, con animación de inchables para todas as idades e chocolate a partir das 17:00 horas.

Un pouco máis avanzada a tarde terá lugar a tradicio-

nal recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar, que recollerán as cartas dos máis rezagados e atenderán as peticións de última hora. Como todos os anos, entre toda a rapazada asistente sortearanse agasallos, en colaboración con SBC Gasolineras.

Se queres colaborar no Festival de Reis como Paxe Real, chama ao Departamento de Cultura (981 51 31 15).

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Luns
2

Campaña Neve 2025

5 prazas. Prezo: 85€
Nenos/as entre 11 e 15 anos.
Estación invernal de Valgrande Pajares, do 14 ao 17 de febreiro.
Inscricións no Concello ou a través da sede electrónica antes do 2 de decembro

Luns/Mar
2-3

Coidados compartidos

Salón de Plenos. De 16:00 a 20:00h.
De balde. Inscricións nos Servizos Sociais: 981 51 31 06.

Luns
9

Reunión en Gastrar

Local social, 20:00h.
Reunión informativa municipal.

Sábado
10

Curso de primeiros auxilios

CPI Antonio Orza Couto.
16:00 a 19:00 h.
De balde. Inscricións no Departamento de Cultura, 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es

Venres
13

Saída ao balneario

Casa do Concello. Ás 10:15 horas
Prezo: 15 € circuito e 8€ autobús.
Inscricións no Departamento de Servizos Sociais ou no 981 513 106 antes do 10 de decembro.

Luns
16

Reunión en A Granxa

Local social, 20:00h.
Reunión informativa municipal.

Venres
20

Visita de Papá Noel

Escola infantil, CPI, CRA, residencia de maiores e casas do maior.

Luns
23

Nadal Activo

Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro.
De 9:00 a 14:00 horas.
Máis información e ficha de solicitude en www.boqueixon.gal.

Ma/Mér
24/5

Torneo Interparroquial de Fútbol Sala

Pavillón do Forte.
Anotacions antes do 19 de decembro. Sorteo o 20, ás 12:00 h, no salón de plenos.

Domingo
5

... e en xaneiro

Recepción aos Reis Magos e Boqueixogo

Pavillón do Forte, de 17:00 a 21:00.
Boqueixogo con inchables e chocolatada. A partir das 18:30 h, recepción das Súas Maxestades. Sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras. Inscricións: www.boqueixon.gal.

Luns
13

Reunión en Ledesma

Local social, 20:00h.
Reunión informativa municipal.

Xoves
16

Reunión en Boqueixón

Casa do Concello, 20:00h.
Reunión informativa municipal.

Xoves
23

Reunión en Lestedo

Local social, 20:00h.
Reunión informativa municipal.

Sábado
25

Teatro. Malasombra Produccións "De algo hai que morrer"

Casa da Cultura de Camporrapado, ás 19:00 horas.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com